



Teaching Guide

Identifying Data					2023/24
Subject (*)	General Podiatry		Code	750G02110	
Study programme	Grao en Podoloxía				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	First	Obligatory	6	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Ciencias da Saúde				
Coordinador	Lopez Lopez, Luis	E-mail	luis.lopezl@udc.es		
Lecturers	Lopez Lopez, Luis	E-mail	luis.lopezl@udc.es		
Web	campusvirtual.udc.gal/				
General description	A materia de podoloxía xeral introduce ao estudante no concepto de pé desde a perspectiva evolutiva, embriolóxica, así como, no concepto de pé actual e a interrelación deste con outros elementos anatómicos cos que está intimamente relacionados. Ao longo dos contidos, terá a oportunidade de profundar desde un punto de vista teórico e práctico na análise e identificación dos parámetros clínicos normais do aparello locomotor, o que permitirá adquirir habilidades e familiarizarse coa sistemática exploratoria, recollida de datos co obxectivo de comprender a función principal e diferenciada da extremidade inferior.				

Study programme competences

Code	Study programme competences
A87	CE23 -Coñecer e aplicar a nomenclatura técnica de ciencias da saúde e realizar a historia clínica podolóxica e rexistro da información obtida
A88	CE24 - Coñecer a filoxenia do aparello locomotor
A89	CE25 - Coñecer e desenvolver as técnicas de exploración física e clínica e os parámetros clínicos normais en decúbito, bipedestación estática e dinámica
A90	CE26 - Coñecer os fundamentos da Podoloxía, o concepto de profesión e saber recoñecer as capacidades profesionais propias da mesma no equipo multidisciplinar de saúde
B23	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B24	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B25	CB3 -- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B26	CB4 -Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B27	CB5 -Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B28	CG01 - Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos e metodolóxicos da Podoloxía e Podiatría
B30	CG03 - Obter a capacidade, habilidade e destreza necesarias para diagnosticar, prescribir, indicar, realizar e/ou elaborar e avaliar calquera tipo de tratamento podolóxico, ortopodolóxico, quiropodolóxico, cirurxía podolóxica, físico, farmacolóxico, preventivo e/ ou educativo, baseado na Historia clínica
B33	CG06 - Adquirir a capacidade para realizar unha xestión clínica centrada no paciente, na economía da saúde e o uso eficiente dos recursos sanitarios, así como a xestión eficaz da documentación clínica, con especial atención á súa confidencialidade



B37	CG10 - Identificar que o exercicio da profesión está asentado no respecto á autonomía do paciente, ás súas crenzas, cultura, determinantes xenéticos, demográficos e socioeconómicos, aplicando os principios de xustiza social e comprendendo as implicacións éticas nun contexto mundial en transformación
B39	CG12 -Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativo en contornas interdisciplinares
C9	CT01 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C10	CT02 - Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
C11	CT03 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
C12	CT04 - Desenvolver o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero
C13	CT05 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C14	CT06 - Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables
C15	CT07 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sustentable ambiental, económico, político e social
C16	CT08 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
C17	CT09 - Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Coñecer o proceso para realizar a historia clínica Podolóxica e rexistrar a información obtida na anamnesis e exploración podolóxica.	A87 A88 A89 A90	B23 B24 B25 B26 B27 B28 B30 B33 B37 B39	C9 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17
Describir as técnicas xerais e a actuación podolóxica no ámbito sanitario. Coñecer os principios da ergonómia no desenrolo das técnicas podolóxicas	A87 A90	B25 B27 B28 B33 B37 B39	C16
Iniciar o alumno nas capacidades de elaborar e utilizar a historia clínica e emitir e interpretar informes clínicos.	A87 A89 A90	B27 B30 B33	C9 C11 C12
Coñecer o procedemento para manter e utilizar os registros con información do paciente para a súa posterior análise preservando a confidencialidade dos datos.	A87	B25 B28 B33	C11
Adquirir a capacidade de desenrolla as técnicas de exploración clínica e física, identificando os parámetros clínicos normais do aparato locomotor en decúbito, bipedestación, estática e dinámica.	A87 A88 A89 A90	B30 B33	C9 C15
Coñecer o marco conceptual e histórico da profesión podolóxica e os fundamentos da podoloxia.	A87 A89 A90	B25 B26	C9 C15 C17



Coñecer o marco profesional, os dereitos e obrigacións profesionais.

A87

B33

C9

B37

C11

B39

Contents

Topic	Sub-topic
BLOQUE TEMÁTICO 1	
FILOGENIA DO APARELLO LOCOMOTOR ESTRUTURA, MORFOLOXÍA E FUNCIÓNS DO PÉ	<p>Tema 1: Filogenia do pé.</p> <ol style="list-style-type: none">1.1. A orixe da vida.1.2. O limiar da evolución humana. Perspectivas.1.3. O pé ata os primates.1.4. Pé primate.1.5. Cambios evolutivos do pé derivados da bipedestación.1.6. Desenvolvemento embriolóxico da EEII. <p>Tema 2: Orientación espacial da extremidade inferior.</p> <ol style="list-style-type: none">2.1. Planos de movemento.2.2. Eixos de movemento.2.3. Anatomía funcional.2.4. Interacción das forzas na extremidade inferior.2.5. Terminoloxía xeral. <p>Tema 3: Estrutura e funcións do pé.</p> <ol style="list-style-type: none">3.1. Concepto e definición do Pé. Gramatical. Anatómica. Funcional. Biónica.3.2. Deseño estrutural e estático do pé.3.3. Concepto de arco plantar. Concepto de bóveda. Arcos lonxitudinais e transversais.3.4. Fórmula metatarsal. Fórmula dixital.3.5. Funcións do pé. Pé estático. Triángulo de sustentación. Pé Dinámico. Triángulo de propulsión. Columna lateral e medial do pé.3.6. Consideracións xerais das novas correntes emerxentes en biomecánica do pé. Achegas ao concepto diagnóstico e terapéutico.3.7. Nomenclatura técnica.



BLOQUE TEMÁTICO 2

EXPLORACIÓN CLÍNICA DO PÉ

Tema 4: Sala de exploración clínica.

- 4.1. Distribución e organización ergonómica.
- 4.2. Áreas de traballo.
- 4.3. Descrición do mobiliario.
- 4.4. Material e instrumental podolóxico.
- 4.5. Nomenclatura técnica.

Tema 5: Inspección e palpación do pé.

- 5.1. Anatomía palpatoria do pé.
- 5.2. Coloración. Temperatura. Pulsos.
- 5.3. Edemas. Dermatopatías. Queratopatías. Onicopatías.
- 5.4. Alteracións da sudoración.
- 5.5. Fórmula dixital. Fórmula metatarsal.
- 5.6. Técnicas de palpación e a súa interpretación semiolóxica.
- 5.7. Nomenclatura técnica empregada en ciencias da saúde II.

Tema 6: Exploración articular do pé.

- 6.1 . Valoración do percorrido articular das articulacións: Tibio-peroneo-astragalina (TPA). Subastragalina. Chopart. Lisfranc. Metatarsofalángica. Interfalángica.
- 6.2. Normas e secuencia exploratoria.
- 6.3. Balance articular normal.
- 6.4. Nomenclatura técnica empregada en ciencias da saúde.

Tema 7: Somatometría e antropometría..

- 7.1. Medidas do pé.
- 7.2. Goniometría. Proxeccións máis comúns no diagnóstico podolóxico. Radiogoniometría. Teoría e técnica da medición das principais angulacións e liñas de referencia nas principais proxeccións radiolóxicas do pé.
- 7.3. Cronoloxía da osificación no pé.

Tema 8: Exploración muscular.

- 8.1. Musculatura extrínseca. Esquema de Ombredanne.
- 8.2. Musculatura intrínseca.
- 8.3. Sistemática exploratoria. Rexión dorsal. Rexión plantar interna. Rexión plantar externa. Rexión plantar media.
- 8.4. Balance muscular. Claves de valoración muscular. Terminolóxica e numérica.
- 8.5. Músculos agonistas, antagonistas e sinergistas..

Tema 9: Exploración neurolóxica en podoloxía.

- 9.1. Arcos reflexos. Reflexos osteo- tendinosos (patelar, aquileo). Reflexo cutáneo-plantar.
- 9.2. Dermatomas. Descrición topográfica. Sensibilidade táctil, térmica.
- 9.3. O miotoma como unidade funcional. Técnicas de exploración. Probas de



estabilidade bípida e coordinación motora.

9.4. Coordinación neuromotora e propiocepción.



<p>BLOQUE TEMÁTICO 3</p> <p>EXPLORACIÓN CLÍNICA DA PELVIS, CADEIRA E XEONLLO</p>	<p>Tema 10: Exploración articular e muscular do xeonllo.</p> <p>10.1. Inspección. Palpación. Exploración articular. Parámetros de normalidade. Técnicas específicas (Lachman test, McMurray, Cabot, Apley).</p> <p>10.2. Exploración muscular. Parámetros de normalidade. Probas para a súa valoración.</p> <p>10.3. Valores normais ángulos fémoro-tibiales. Trastornos da aliñación fémoro-tibial, genu- varum, genu-valgus, genu-flexus, genu- recurvatum.</p> <p>Tema 11: Exploración física da cadeira.</p> <p>11.1. Inspección. Exploración articular. Parámetros de normalidade. Probas específicas (Ortolani, Barlow, Telescopio). Exploración muscular de cadeira. Parámetros de normalidade. Probas para a súa valoración.</p> <p>Tema 12: Exploración física da pelvis.</p> <p>12.1. Inspección: basculación pélvica, anteversión e retroversión pélvica.</p> <p>12.2. Dismetría real e funcional da extremidade inferior.</p> <p>Repercusións a nivel da columna vertebral.</p>
<p>BLOQUE TEMÁTICO 4</p> <p>PEGADA PLANTAR</p> <p>CARACTERÍSTICAS</p> <p>OBTENCIÓN, INTERPRETACIÓN E VALORACIÓN</p>	<p>Tema 13: Pegada plantar.</p> <p>13.1. Características. O pé humano preandante, durante a infancia e durante a idade adulta.</p> <p>13.2. Interpretación evolutiva da pegada.</p> <p>13.3. Valoración: Índice de Chippaux- Smirak; Índice de Staheli; Índice de vallo; Ángulo de Clarke.</p> <p>Tema 14: Técnicas de captación e almacenamento da imaxe da pegada plantar.</p> <p>14.1. Podograma graxo.</p> <p>14.2. Podograma de tinta.</p> <p>14.3. Fotopodograma.</p> <p>14.4. Radiofotopodograma.</p> <p>14.5. Podoscopio. Banco de marcha. Pedigrafías estático-dinámicas.</p> <p>14.6. Valoración antropométrica da pegada: Metodos cuantitativos.</p>
<p>BLOQUE TEMÁTICO 5</p> <p>A HISTORIA CLÍNICA EN PODOLOXÍA</p>	<p>Tema 15: Historia clínica en podoloxía.</p> <p>15.1. Concepto de Historia Clínica. Gramatical. Concepto Médico. Concepto Legal.</p> <p>15.2. Natureza e propiedade da Historia Clínica.</p> <p>15.3. A Historia Clínica no dereito español. Regulación Legal. Estrutura.</p> <p>15.4. Modelo de historia clínica en podoloxía.</p> <p>15.5. Entrevista clínica. Filiación. Anamnesis. Enfermidade actual. Antecedentes persoais. Antecedentes familiares.</p> <p>15.6. Exploración clínica en decúbito, sedestación e bipedestación estático-dinámica.</p> <p>15.7. Prognóstico. Diagnóstico. Tratamento. Curso clínico.</p> <p>15.8. O consentimento informado e a receita en podoloxía.</p>



BLOQUE TEMÁTICO 6

HISTORIA DA PROFESIÓN E MARCO CONCEPTUAL.
CONCEPTO DE PROFESIÓN.

Tema 16: A podoloxía pasado, presente e futuro.

16.1. Evolución histórica da podoloxía.

16.2. A profesión de podoloxía.

16.3. Marco legislativo da podoloxía.

16.4. O podólogo no equipo multidisciplinar.

16.5. Estudo das técnicas e forma de actuación podolóxica no ámbito sanitario.



PRÁCTICAS DE LABORATORIO

CONTIDOS PRÁCTICOS:

BLOQUE 1.

INTRODUCCIÓN. XENERALIDADES. SALA DE EXPLORACIÓN. EQUIPAMENTO. INTRODUCCIÓN NO MANEXO E UTILIZACIÓN DO INSTRUMENTAL DE EXPLORATORIO.

BLOQUE 2.

GONIOMETRÍA DOS PRINCIPAIS PARÁMETROS RADIOLÓXICOS DO PÉ E A EEII. RADIOGONOMETRÍA. INTERPRETACIÓN RADIOGRÁFICA. PROXECCIONS.

BLOQUE 3.

SOMATOMETRÍA PODAL. CENTROS DE GRAVIDADE. BASE DE SUSTENTACIÓN ANATÓMICA. ANATOMÍA POSTURAL. ERGONOMIA.

BLOQUE 4

LOCALIZACIÓN, PALPACIÓN E EXPLORACIÓN DA MUSCULATURA EXTRÍNSECA DO PÉ. BALANCE MUSCULAR.

LOCALIZACIÓN, PALPACIÓN E EXPLORACIÓN DA MUSCULATURA INTRÍNSECA DO PÉ. BALANCE MUSCULAR.

BLOQUE 5

ANATOMÍA PALPATORIA. INSPECCIÓN E PALPACIÓN DO PÉ. EXPLORACIÓN ARTICULAR. GONIOMETRÍA DO PERCORRIDO ARTICULAR. CALIDADE DO PERCORRIDO ARTICULAR.

BLOQUE 6

EXPLORACIÓN NEUROLÓXICA. REFLEXOS SENSITIVO-MOTORES. DERMATOMAS E MIOTOMAS. PROCESOS DE EXPLORACIÓN EN PACIENTES CON ALTERACIONS DA SENSIBILIDADE. PROCESO DE EXPLORACIÓN DO CONTROL MOTOR. PROBAS DE COORDINACIÓN MOTORA E DE ESTABILIDADE. EXPLORACIÓN VASCULAR. DOPPLER. ITB.

BLOQUE 7

EXPLORACIÓN MUSCULAR DA PERNA. EXPLORACIÓN ARTICULAR E MUSCULAR DO XEONLLO. MEDICIÓN, GONIOMETRÍA DO PERCORRIDO ARTICULAR. CALIDADE DO PERCORRIDO.

BLOQUE 8

EXPLORACIÓN ARTICULAR E MUSCULAR DA CADEIRA E PELVIS. MEDICIÓN, GONIOMETRÍA DO PERCORRIDO ARTICULAR.



CALIDADE DO PERCORRIDO.

BLOQUE 9

TÉCNICAS DE CAPTACIÓN DA PEGADA PLANTAR: PEDIGRAFÍAS.

PODOBAROGRAMAS.

PODOSCOPIO E BANCO DE MARCHA.

ANÁLISE ESTÁTICA DINÁMICA DA PEGADA PLANTAR. VALORACIÓN DE
PARAMETROS MORFOESTRUTURALES.

ESTUDO CINEMÁTICO OBSERVACIONAL DA MARCHA. SEMIOLOGÍA.

BLOQUE 10

HISTORIA CLÍNICA ESTRUCTURA.

ENTREVISTA CLÍNICA EN NENOS, ADULTOS E ANCIÁNS.

IMPORTANTE:

- A distribución dos estudantes en grupos realizarase o día da presentación).
- Os contidos prácticos poderán sufrir variación na secuencia de realización práctica, para poder ser adaptados ao desenvolvemento dos contidos teóricos.
- Os alumnos deberán de realizar e superar todas e cada unha das prácticas.
- Non está contemplada a posibilidade de recuperar os días de ausencia ás prácticas.
- Acudir ás prácticas coa indumentaria indicada (Bata clínica e/o pixama). Para a realización dalgunhas prácticas será necesario acudir coa roupa deportiva que se indicará no seu momento.
- Necesario acudir ás prácticas con caderno para notas, así como con bolígrafo, rotuladores de diversas cores.



Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A87 A88 A89 A90 B23 B24 B25 B26 B27 B28 B30 B33 B37 B39	21	74	95
Laboratory practice	C9 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17	18	16	34
Workbook	A87 A88 A89 B25	0	1	1
Introductory activities	C15	5	2	7
Supervised projects	C13 C15 C17	1	2	3
Oral presentation	C15 C17	1	0	1
Practical test:	A89	1	0	1
Multiple-choice questions	A87 A88 A89 A90 B23 B24 B33 C17	2	4	6
Personalized attention		2	0	2

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	Exposición oral realizada polo profesor e aberta á participación do alumno con introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Será complementada coa utilización dos medios audiovisuais necesarios e bibliografía documental. Esta metodoloxía desenvolverase nos horarios establecidos.
Laboratory practice	Traballo en grupo a través da participación activa do alumno, mediante a realización metodolóxica de manobras/procedementos e discusión para o estudo dos diferentes aspectos relacionados cos contidos da materia.
Workbook	Profundización na materia mediante textos de diferentes fontes documentais escollidos e seleccionados previamente polo profesor
Introductory activities	Actividades que levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/o motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.
Supervised projects	Aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor a través de traballos de grupo, onde se traballa a sistemática de procura de información e manexo de ferramentas telepáticas.
Oral presentation	Intervención inherente a os procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da cal estudantes e docentes interactúan de maneira ordenada, propoñendo preguntas, aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Practical test:	Proba na que se busca que o alumno desenvolva total ou parcialmente algunha práctica que previamente fixese durante as clases prácticas. A proba práctica pode incluír previamente a resolución dunha pregunta/problema que teña como resultado a aplicación práctica dunha determinada técnica ou práctica aprendida.
Multiple-choice questions	Proba obxectiva que consiste en formular unha pregunta directa con varias opcións de resposta ou alternativas que acheguen posibles solucións, das cales só unha é válida.

Personalized attention	
Methodologies	Description



Oral presentation Practical test: Guest lecture / keynote speech Laboratory practice Workbook Introductory activities Supervised projects	A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo presencial co profesor que implican unha participación e reforzo da relación profesor alumno.
--	---

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Practical test:	A89	Proba na que se busca que o alumno desenvolva total ou parcialmente algunha práctica que previamente fixese durante as clases prácticas. A proba práctica pode incluír previamente a resolución dunha pregunta/problema que teña como resultado a aplicación práctica dunha determinada técnica ou práctica aprendida.	15
Multiple-choice questions	A87 A88 A89 A90 B23 B24 B33 C17	Proba obxectiva que consiste en formular unha pregunta directa con varias opcións de resposta ou alternativas que acheguen posibles solucións, das cales só unha é válida.	60
Guest lecture / keynote speech	A87 A88 A89 A90 B23 B24 B25 B26 B27 B28 B30 B33 B37 B39	Desenvolvemento dos contidos do programa da materia en sesión maxistral, nos horarios establecidos pola facultade.	5
Laboratory practice	C9 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17	Realizaranse prácticas daqueles contidos que así o requiran, como se especifica no programa da materia. Trabállase de forma individualizada, en parella e grupos as diversas probas exploratorias propias dos contidos da materia.	10
Supervised projects	C13 C15 C17	Os alumnos deberán elaborar un traballo o longo do curso cun contido relacionado coa materia.	10

Assessment comments



Os estudantes con matrícula a tempo parcial, dispensa académica ou outros supostos recolleitos na norma que regula o réxime de dedicación ao estudo, permanencia e progresión, deberán enviar un e-mail ao profesor indicando a súa situación ao comezo do curso académico. Se un estudante matriculouse en materias dun curso superior que por solapamento de horas impídelle acudir ás prácticas e seminarios, ten que ter en conta que dita situación non lle exime de asistir a materia de Podoloxía Xeral. Para o aprobado na materia será necesario: Asistir á totalidade dos seminarios. Presentar os traballos e asistir á exposición dos mesmos na data sinalada. Realizar a totalidade das prácticas. Os estudantes con dispensa académica, entregarán os traballos e as actividades dirixidas, acordadas previamente co docente, en modalidade en liña e nas datas establecidas. Os alumnos con matrícula parcial, dispensa académica para superar a materia, terán que obter un 6 na cualificación do exame teórico e un 6 no exame práctico. A cualificación de non presentado: outorgase a aqueles estudantes que non se presentan ao exame. Para a matrícula de honra a cualificación obtida será de 10 sobre 10 puntos. Unha vez finalizado o curso académico, non se gardarán ningunha das notas obtidas nos diferentes apartados. Acudir ás prácticas coa indumentaria indicada (Bata clínica e/o pixama). Para a realización dalgunhas prácticas será necesario acudir coa roupa deportiva indicada no seu momento. O estudante deberá estar debidamente identificado no campus virtual, cunha fotografía tamaño carné recente. O formato do exame: Teórico: tipo test e de resposta múltiple (4 ó 5 posibles respostas por pregunta). Práctico: desenvolverase de modo teórico/práctico nos laboratorios do centro. O alumno deberá responder e realizar as probas clínico/ exploratorias que se lle soliciten. Deberase superar de modo independente a proba teórica e a proba práctica para aprobar a materia. Obrigatoriedade de superar os 5 puntos sobre 10 para superar a materia, tanto no apartado teórico como no práctico. Tamén será necesario a realización de todas e cada unha das prácticas de laboratorio para superar a materia. O non presentado outórgase ao non presentarse á convocatoria. A matrícula de honra aplicácese naqueles casos que se alcancen os 10 puntos. Cando o alumno non supere de maneira independente una ou máis probas supoñerá a cualificación de SUSPENSO en acta. Se a media aritmética supera o 5, ao non superar algunha das avaliacións, figurará coa nota da parte teórica por ter unha maior porcentaxe no global das cualificacións. O feito de non presentarse a algunha das probas implica figurar en acta como NON PRESENTADO. As probas superadas na primeira oportunidade conservaranse para a segunda oportunidade, coa cualificación obtida. Unha vez finalizado o curso académico, non se conservará ningunha cualificación dos diferentes apartados. **MATRÍCULA PARCIAL:** Para os alumnos de MATRÍCULA PARCIAL poderán optar por examinarse por escrito en primeira e segunda oportunidade nun único exame que se corresponderá coas datas oficiais aprobadas en Xunta de Facultade, onde se aplicarán as porcentaxes relativas a cada parte do contido da materia. **FRAUDE E RESPONSABILIDADES DISCIPLINARIAS:** Segundo o establecido na normativa da UDC: 1.- Se durante a realización dunha proba de avaliación os profesores responsables teñen coñecemento da quebra dos principios de decoro, legalidade ou mérito individual tales como o uso de documentos ou instrumentos non permitidos, a copia ou intento de copia dos resultados obtidos por compañeiros, a comunicación entre estudantes ou un comportamento impropio, procederase á expulsión inmediata do estudante da proba de avaliación e redactarase unha acta cos motivos, que se enviará ao decano ou director xunto coas verificacións documentais que estime oportunas para a súa valoración. Todo, sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese proceder de acordo con a cualificación da falta cometida polo alumno infractor. 2.- Queda prohibido o acceso á realización das probas de avaliación con instrumentos electrónicos ou dispositivos móbiles acesos, non expresamente autorizados polo profesorado responsable, o cal será causa suficiente de expulsión da proba, despois de redactar a acta correspondente que se enviará ao centro. 3.- A expulsión dunha proba de avaliación implicará a cualificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia. 4.- Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento. 5.- Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Sources of information



<p>Basic</p>	<ul style="list-style-type: none"> - ALEXANDER, IAN J. (1992). El Pie. Exploración y diagnóstico. . Barcelona: Editorial Jims - BOUCHET, A. ; CUILLERET, J. (1987). Anatomía descriptiva, topográfica y funcional: miembros inferiores.. Buenos Aires: Panamericana - CARLSON, B. M. (2000). Embriología humana y biología del desarrollo. Madrid: Harcourt - CUTTER, N.; KEVORKIAN, C.G. (2000). Manual de valoración muscular.. Madrid: McGraw-Hill- Interamericana de España, S.A.U - DAZA LESMES, J. (1996). Test de movilidad articular y examen muscular de las extremidades. . Editorial Medica Panamericana - GREENSPAN, A. (2000). Radiología en Ortopedia.. Madrid: Marban Libros - KAPANDJI, I. A. (1999). Fisiología articular. Volumen II. Miembro inferior. . Madrid: Panamericana - KENDAL, F.P.; KENDAL MC CREARY, E. (1985). Músculos pruebas y funciones. . Barcelona. Jims - HENRY M. SEIDEL. (2011). Guía Mosby de exploración física. Madrid: Elsevier, - BICKLEY, LYNN S. (2013). Guía de exploración física e historia clínica. Barcelona: Wolters Kluwer/Lippincott Williams & Wilkins - LLANOS ALCÁZAR, L. ; ACEBES CACHAFEIRO, J. (1997). El pie.. Barcelona: Masson - LELIVRE, JEAN; LELIVRE, JEAN-FRANCOIS. (2000). Patología del Pie.. Barcelona: Masson - LOUDON, J.; BELL, S.; JHONSTON, J. (2011). Guía de la valoración ortopédica clínica. . Barcelona: Masson; - VILADOT PERICÉ, A. (2000). Patología del Antepié.. Springer-verlag ibérica - YVES BLANC, G. A.; CASILLAS, J.; ESNAULT, M. (2000). La marcha humana la carrera y el salto. Biomecánica, exploraciones, normas y alteraciones. . Barcelona : Elsevier
<p>Complementary</p>	<p>As faltas na integridade académica (ausencia de citación de fontes, plaxios de traballos ou uso indebido/prohibido de información durante os exames), así como asinar na folia de asistencia por outro estudante que non estea en clase, implicarán a perda da avaliación continua, sen prexuízo das accións sancionadoras que estean establecidas. Non se permite o uso de dispositivos electrónicos durante as clases, tanto teóricas como prácticas. Así mesmo, queda restrinxido o emprego da documentación facilitada polo profesor a través do portal do campus virtual (presentacións, preguntas, exercicios, seminarios, cadernos de prácticas etc.)/ etc.) á preparación da materia. O profesor resérvase o dereito de facer uso das medidas recollidas na lexislación vixente sobre Propiedade Intelectual, nos casos nos que se detecte un uso e/o divulgación non autorizada do devandito material.</p>

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Anatomy General/750G02103

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Specific Anatomy of the Lower Limb/750G02104

Human Physiology/750G02101

Subjects that continue the syllabus

Podiatric Pathology I/750G02119

Podiatric Pathology II/750G02120

Biomechanics of the Lower Limb/750G02111

Other comments

Recoméndase a asistencia continuada ás clases teóricas, así como o repaso continuado dos contidos teóricos para dese modo facilitar a evolución nas prácticas, dotándoas dun maior dinamismo e fluidez. Será fundamental superar a materia neste primeiro curso por tratarse dunha materia básica para a adquisición de coñecementos en materias que se cursarán posteriormente en 2º,3º e 4º do Grao. Documentos Green Campus UDC:Green Campus documento basee UDC. GreenCampusEcoauditoría Interna Green Campus para centros UDC (cuestionario) Regulamento e Acta Comité Ambiental UDC (modelo)Plan de Acción Green Campus UDC (modelo) medio_ambiente

(*The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.